

MOCIÓN DE AER SOBRE SERVICIOS PRIVATIZADOS

PLENO 5 XUÑO 2014. ACTA 8/2014

Dado que se reanudan as reunións para a análise dos servizos privatizados e ademais se poderá contar coa representación das asociacións de veciños, e tendo en conta que unha das súas queixas respecto deste órgano de control era a falta de documentación previa ás reunións que permitiran unha análise obxectiva e racional.

Consideramos oportuno, non só como ferramenta para esta comisión, senón como elemento imprescindible cara a unha maior transparencia na xestión pública daqueles contratos que supoñen privatización de servizos, que ditos contratos sexan coñecidos pola cidadanía polo que **propoñemos**:

Crear unha sección no “Perfil do Contratante” que, baixo o lema “Servizos Privatizados” poña a disposición pública todos e cada un dos expedientes completos de adxudicación dos servizos privatizados.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción a votación, os/as concelleiros/as a aproban por unanimidade e se acorda que na páxina web se engada unha sección nova denominada Servizos privatizados na que estarán ao dispor do público os contratos relativos a estes servizos xuntos cos pregos de condicións que os rexen.